

DOMINGO 13 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA 1 Re 19, 16b. 19-21

Levantándose Eliseo saíu e seguiu a Elías

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO PRIMEIRO DOS REIS

Dille o Señor a Elías:

- Unxe a Eliseo, fillo de Xafat, de Abel Meholah, por profeta, teu sucesor. Elías marchou de alí e encontrouse con Eliseo, fillo de Xafat, que araba con doce xuntas, levando el a derradeira. Elías pasou a carón del e botoulle enriba o seu manto.

Eliseo deixou os bois e foi correndo atrás de Elías. E díxolle:

- "Déixame despedirme de meu pai e de miña nai, e logo ireime contigo".

El respondeulle:

- "Vai, pero volve logo, pois xa ves o que fixen contigo".

Ao dar a volta, Eliseo colleu a xunta de bois e ofreceunos en sacrificio. Cos apeiros de arar coceu a carne e deulle á xente de comer. Despois foise con Elías e quedou ao seu servizo.

SALMO RESPONSORIAL Sal 15, 1-2a e 5. 7-8. 9-10. 11

R/ (cf 5a): Ti es, Señor, a miña herdade

Gárdame, Deus, que en ti busco agarimo.

Eu dígolle ao Señor: -"Ti es o meu dono,

Ti es, Señor, a miña herdade e a miña sorte,

ti coidas do meu porvir.

Bendigo ao Señor que me guía

e mesmo de noite me ensina no meu íntimo.

Teño ao Señor sempre diante;

con El á dereita non caerei.

Por iso o meu corazón está contento,

as miñas entrañas reloucan

e o meu corpo está seguro.

Ti non abandonarás á morte a miña vida,

nin deixarás que o teu amigo vexa a corrupción.

Mostrarasme o camiño da vida:

a túa presenza éncheme de alegría;

a túa dereita, de gozo eterno.

SEGUNDA Gal 5, 1. 13-18
Fostes chamados á liberdade

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS GÁLATAS

Cristo liberounos para que vivamos en liberdade. ¡Estádeme, logo, ben firmes nel! ¡Que non vos canguen outra vez o xugo da escravitude!

Irmáns, a vós chamáronvos á liberdade. ¡Pero coidadiño con servir aos baixos instintos co gallo da liberdade! Habédesme ser escravos uns dos outros mediante o amor. Porque toda a Lei está completa neste precepto: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Pero, se vos adentellades e devorades, levade tento de non acabardes uns cos outros.

Pois quérovos dicir que vivades conforme o Espírito e, que non lles deades polo pé aos proídos do instinto. Porque os baixos instintos cobizan contra o Espírito e o Espírito contra os baixos instintos: contraríanse entre eles tanto, que non facedes o que de verdade queredes. Mais, se vos guiades polo Espírito, xa non estaredes máis baixo a Lei.

DOMINGO 13 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 9, 51-62

Decidiu en firme ir a Xerusalén. Seguireite a onde vaias.

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Cando se ía cumprir o tempo de que levantasen a Xesús deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. Ao veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron:

- Señor, queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?

Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea.

Polo camiño, díxolle un:

- Seguireite, vaias onde vaias.

Respondeulle Xesús:

- As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.

Díxolle Xesús a outro:

- Sígueme.

Pero el contestoulle:

- Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.

Respondeulle:

- Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus.

Outro díxolle tamén:

- Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia.

Contestoulle:

- Quen despois de pór a man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.